



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Tese de mestrado	Código	611440026	
Titulación	Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas (Plan 2009)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de EmpresasEconomía Aplicada 1Economía Financeira e Contabilidade			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado	Calvo Silvosa, Anxo Ramon Garcia Lorenzo, Antonio Martin Palmero, Federico Guillermo Martinez Fernandez, Valentin Novo Peteiro, Jose Antonio Orosa Gonzalez, Jose Javier Rey García, Marta Rivera Castiñeira, M. Berta	Correo electrónico	anxo.calvo.silvosa@udc.es antonio.garcia.lorenzo@udc.es f.g.martin@udc.es valentin.martinez@udc.es jose.novop@udc.es javier.orosa@udc.es marta.reyg@udc.es b.rivera@udc.es	
Web	<a href="http://www.economicas.udc.es/subido/normativa_master_tese_mbf_2009.pdf">http://www.economicas.udc.es/subido/normativa_master_tese_mbf_2009.pdf</a>			
Descrición xeral	A Máster-Tese é un traballo de especialización, que integre os coñecementos asimilados nas diversas disciplinas impartidas durante o mestrado centrado, ben no desenvolvemento dunha aplicación de tipo práctico ou ben na realización dun traballo de investigación.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	Analizar e contribuír á definición dos problemas aos que as administracións públicas territoriais (e outras?) tratan de responder coas súas propias políticas.
A3	Recopilar, elaborar e interpretar informacións relevantes, cualitativas e cuantitativas para a toma de decisións.
A4	Identificar os instrumentos adecuados para lograr os resultados desexados e imaxinar os posibles escenarios.
A5	Identificar os actores e os intereses que poidan estar implicados no proceso de decisión, propoñendo os instrumentos capaces de afrontar e resolver posibles conflitos.
A6	Deseñar os procesos para a toma de decisións coa finalidade de favorecer a rápida adopción das políticas e a súa eficaz posta en funcionamento.
A7	Orientar ás institucións públicas implicadas no desenvolvemento das relacións interinstitucionais e co sector privado.
A8	Suxerir instrumentos de seguimento e control para observar os resultados.
A9	Acadar coñecementos e habilidades para analizar, decidir e implantar e optimizar actuacións vinculadas ao uso de novas tecnoloxías na xestión e nas políticas públicas.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de aprender.
B3	Resolución de problemas.
B4	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B5	Capacidade para adaptarse a novas situacións.
B6	Preocupación pola calidade.
B7	Habilidade para traballar de forma autónoma.
B8	Traballo en equipo.
B9	Capacidade para organizar e planificar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
A Máster-Tese facilitará o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudados na teoría a problemas reais.	AM1	BM1	CM1
	AM2	BM2	CM2
	AM3	BM3	CM3
	AM4	BM4	CM4
	AM5	BM5	CM5
	AM6	BM6	CM6
	AM7	BM7	CM7
	AM8	BM8	CM8
		BM9	

## Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



<p>A Máster-Tese deberá constar das seguintes partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? PORTADA</li> <li>? AUTORIZACIÓN DO TITOR DA MÁSTER-TESE</li> <li>? ÍNDICE PAXINADO</li> <li>? RESUMO</li> <li>? INTRODUCIÓN XERAL</li> <li>? CORPO DO INFORME</li> <li>? CONSIDERACIÓNS / CONCLUSIÓNS FINAIS</li> <li>? BIBLIOGRAFÍA</li> <li>? ANEXOS, no seu caso.</li> </ul> <p>O proxecto que , deberá realizarse en lingua galega ou castelán, non superará as 100 páxinas a dobre espazo e tamaño de letra 12. A maiores, tamén poderá ser presentada unha copia e outro idioma da U.E.</p>	<p>Cada unha das partes mencionadas debe recoller a seguinte información:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. PORTADA. Será de deseño libre pero incluirá: Escudo e nome da Universidade; Nome da Facultade; nome do máster; título da Máster-Tese e nomes do autor e do tior; ano de presentación</li> <li>2. RESUMO: recolle un breve resumo do contido do traballo.</li> <li>3. INTRODUCIÓN XERAL: recolle a intención do autor e presenta o problema ou tema específico de estudo (os obxectivos ou as hipóteses). Descríbense as principais características do traballo, unha breve discusión sobre os antecedentes teóricos e empíricos e defínense os conceptos principais que serán utilizados no estudo. Tamén debe incluír o resumo das partes nas que se estruturou o traballo e o proceso de elaboración que se seguiu.</li> <li>4. CORPO DO INFORME, composto por: fundamentos teóricos, metodoloxía, aplicación práctica e conclusións. Esta parte é a que desenvolve propiamente o traballo. Nel descríbese o método seguido, as achegas acadadas, o proceso de produción e recollida de datos e a súa análise, así como os principais instrumentos e procedementos usados.</li> <li>5. CONCLUSIÓNS. Recolle ao final os principais os resultados e conclusións.</li> <li>6. BIBLIOGRAFÍA: Ao final do informe aparece a sección de referencias a obras e fontes consultadas.</li> <li>7. ANEXOS: O apéndice ou anexo achega unha información detallada que doutro xeito distraería a lectura no corpo do informe. Esta sección do traballo pode incluír táboas, gráficos, unha mostra do/s cuestionario/s empregado/s etc. No texto do traballo farase referencia aos contidos do anexo. Un traballo pode incluír máis dun anexo.</li> </ol>
--	--

### Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	0	143	143
Atención personalizada	7	0	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

### Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A Máster-Tese será realizado de forma individual baixo a supervisión dun/nha profesor/a titor/a. Admítese a co-tutorización.</p> <p>A elección do/a titor/a e do tema deberá producirse cando menos tres meses antes da finalización do prazo de presentación da Máster-Tese.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Traballos tutelados	<p>O/A titor/a será un/ha profesor/a doutor/a.</p> <p>Terá que facilitar ao alumnado as orientacións adecuadas para elaboración da Máster-Tese. Isto non implica que o director ou titor do proxecto resolva os problemas, xa que se está a examinar a capacidade do alumnado para facerlles fronte.</p> <p>Antes da presentación para ser avaliada, o titor supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. Dará a súa opinión sobre cada estudante e o traballo realizado cubrindo o formulario elaborado e dando a conformidade para que se poida presentar ante a Comisión de defensa da Máster-Tese.</p>
---------------------	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	<p>O traballo será defendido polo alumnado ante a Comisión designada pola Comisión Académica do Máster.</p> <p>Para a avaliación da Máster-Tese o tribunal valorará:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- No caso de Máster-Tese con orientación profesional: a existencia dun produto/resultado, aplicabilidade e funcionalidade e calquera outra característica que permita establecer as capacidades do alumno no ámbito profesional relacionado coa temática do Máster.</li><li>- No caso de Máster-Tese con orientación académica: a calidade científica do traballo, valorada tanto polos resultados alcanzados, difusión e/ou as posibilidades de continuidade do traballo.</li><li>- En ambos casos se valorará tamén a presentación pública da Máster-Tese e a calidade formal do documento presentado.</li></ul>	100

Observacións avaliación
<p>O traballo da Máster-Tese só poderá ser avaliado unha vez que se teña constancia de que o alumnado ten superado cando menos o 70% dos créditos totais necesarios para a obtención do título de Máster.&amp;nbsp;</p> <p>O alumnado presentará á Coordinación do Máster, cunha antelación mínima de 15 días antes da defensa do proxecto, tres exemplares da Máster-Tese. Tamén presentará o proxecto en formato electrónico.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario



Marco xurídico para a xestión das políticas públicas/611440001

Institucións e políticas na Unión Europea/611440002

Financiamento das facendas subcentrais/611440003

Avaliación de programas e proxectos públicos/611440004

Contabilidade Pública/611440005

Orzamentos e control da xestión pública/611440006

Calidade e xestión pública/611440007

Goberno dixital: implantación e estratexias de e-administración/611440008

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías